

# A Corredoira nº8

CEIP Nº2 DE TUI Avda Concordia, s/n Tfno 986600923

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipnumero2tui>

Proxectos,  
Saídas,  
Radio.

Animación  
a lectura

Deporte  
escolar

Novas  
tecnoloxías



## Revista do curso 2010-2011



# PROGRAMA



# XIZ



## REPORTAXE NA ESCOLA

O noso colexio participou no concurso televisivo Xiz, un programa no que os escolares de diversos centros compiten entre eles.

Co gallo de tal evento os técnicos do programa viñeron ao colexio para facer un mini reportaxe.



Na grabación participaron vari@s alumn@s do terceiro ciclo. Coincidiu, ademais, que estabamos a celebrar a Semana Internacional da Cociña, sendo Argentina o país convidado ese día.



Sara e Juan foron os nosos representantes no programa. Fixéronno moi ben!



## GRABACIÓN NOS ESTUDIOS

A chegada aos estudos Faro, estivo cargada de enerxía.

Que non se dixera que aos nosos concursantes íanlle faltar folgos!

Xa os asistentes como público recibían as instrucións necesarias para a grabación mentres preparaban nos camerinos aos concursantes do programa. E aínda que unha vez dentro non se podían empregar cámaras nin teléfonos, unha das profes conseguiu estas instantáneas previas ao programa.



Aínda que non pasamos ao seguinte programa, a experiencia vivida foi moi positiva. E estamos segur@s que á próxima vez cambiará o final do conto....



# A Radio **O 2 NA ONDA**



Este ano inauguramos a nosa radio escolar, entre todos propuxemos nomes, e despois dunha dura selección escollemos " O DOUS NA ONDA".

Xa fixemos varios programas para as diferntes conmemoracións que se celebraron no cole coma O Magosto, Día da Paz, Nadal, Letras Galegas...



Tamén escollemos un logo identificativo para O DOUS NA ONDA, e coma sempre pedimos a colaboración dos nosos alumn@s, e o gañador foi un simpático patíño surfeando os mares.

**O BUZÓN DA RADIO**

**RADIO  
O 2 NA  
ONDA**



## Sumario:

Pax 2 e 3 Programa Xiz e Radio Escolar.  
 Pax 4 e 5 Fin de Curso 09-10.  
 Pax 6 e 7 Talleres de Coeducación.  
 Pax 8 e 9 Magosto.  
 Pax 10 e 11 Nadal.  
 Pax 12 e 13 Paz.  
 Pax 14 e 15 Entroido.  
 Pax 16 e 17 A Vella Escola.  
 Pax 18 e 19 Deporte Escolar.  
 Pax 20 e 21 Orla.  
 Pax 22 e 23 Saídas.

Pax 24 e 25 Educación sen Fronteiras.  
 Pax 26 e 27 Proxectos 3º Ciclo.  
 Pax 28 e 29 Talleres 2º Ciclo.  
 Pax 30 e 31 Proxectos 1º Ciclo.  
 Pax 32 e 33 Proxectos Infantil.  
 Pax 34 Proxectos 1º Ciclo.  
 Pax 35 Proposta de Actividades.  
 Pax 36 e 37 Informacións Varias.  
 Pax 38 e 39 O Recuncho do Anpa  
 Pax 40 Contraportada.





# Fin de curso



Os nenos/as de 6º participamos na Aloiada cos nenos/as do colexio N°1



Como foi Ano Santo percorremos o Camiño ao seu paso por Tui, e os de 6º fixeron teatro tamén







Tamén tivemos play-backs e teatro dos nenos/as de 4º



Os nenos/as de 5º visitamos a cidade de Ourense.







Este ano o centro organizou en colaboración co Concello de Tui "As Xornadas de Coeducación. Relación Home-Muller 100% positiva", ás que convidamos a todos os colexios. Convertimos o ximnasio nunha casa por dentro, na que había 6 talleres:



**TALLER DE LIMPEZA**



Barremos, fregamos, recollemos o lixo, fixemos as camas, limpamos o pó, lavamos, tendemos, pranchamos e dobramos a roupa; os nenos e as nenas por igual.

**TALLER DAS CAMAS**



**TALLER DA ROUPA**





# RELACIÓN HOME-MULLER 100% POSITIVA.



## TALLER DE COCIÑA

Traballamos na cociña: puxemos a mesa..., traballamos coa electricidade: puxemos bombillas... e aprendemos un pouquiño de bricolaxe.



## TALLER DE ELECTRICIDADE



## TALLER DE BRICOLAXE



Durante as xornadas tamén se organizou paralelamente, un concurso de fotografía, na que os/as nenos/as de 6º participaron. Acadaron o 2º PREMIO na categoría de centros escolares, que consistiu nun diploma e nunha viaxe en barco polo río Miño.







# Magosto



Celebramos o magosto cunha xornada de Xogos Populares. Nenos/as de agora que xogamos a xogos de antes.



A goma



O aro



Zancos



Bolos



Cacharrete



Carozos



Botellas



Petanca



Zancos



O pano



Collebola



Carreira de Sacos





Tamén fixemos a xa tradicional "Baixada de Carrilanas". Todos traballaron a reo para que estiveran preparadas para o gran día. Cada ano son máis e mellores.



Corremos o "II Cross de San Martiño".



E por suposto non faltaron as castañas, Que ricas que estaban!





# festival



## papa noel

Un ano máis visitounos  
Papá Noel e trouxo os  
seus ricos caramelos.  
Grazas!!!



## cuchipenda



2  
0  
1  
0





# Catedral



Este ano foi a terceira vez que participamos no concurso de panxoliñas na catedral. obtivemos un 2º premio!. noraboa!

## entrega premios postais



# NANADA





# SEMANA DA COCINA DO MUNDO



**Durante a última semana de xaneiro varias mamás e papás encheron os corredores do colexio con diferentes aromas do mundo.**

**É unha boa forma de estar en paz cos demais: compartir a mesa e a comida.**



**Axudamos a facer e probamos moitas cousas (aperitivos, froitas, sobremesas...) de países tan distintos coma Alemaña, Argentina, Brasil, Marrocos ou Portugal, e todo estaba estupendo.**



**Como deixaron as receitas, algúns xa as fixemos na nosa casa para compartir coas nosas familias.**

**Desde aquí queremos dar as gracias a Nora, Hayat, Claudia, Laura, Juan Sebastián, Lola e Mónica pola súa colaboración,**

**e recordar que o que nos diferencia ...**

**sempre pode servir para**

**UNIRNOS E MEDRAR TODOS**

**COMA PERSOAS.**






# DÁME UNHA APERTA

Este foi o lema de este ano para celebrar o Día da Paz.

Dar apertas é imprescindible se queremos ser **AMIGOS E AMIGAS** da Paz.

Por iso celebramos o día internacional da **PAZ** dando apertas de moitos tipos : apertas por parellas, apertas de meixelas, apertas de costas...

Todas elas son unha proba de que todos e todas queremos estar " **EN PAZ** " cos nosos compañeiros e compañeiras e que desexamos isto mesmo para todo o mundo.



Por suposto tamén soltamos una pomba branca, que non se quixo perder a festa e quedou observándonos pousada nunha ventá próxima, mentres soltabamos centos de globos ao ceo e cantabamos todos xuntos esta canción :

O mundo é grande como saberás,  
e somos tantos, quen nos contará,  
cen mil maneiras de falar,  
cen mil maneiras de cantar.





# ENTROIDO

PARA CELEBRAR  
O ENTROIDO  
NO COLE...

POSTRES



FAMOSOS





**E NO RESTO  
DAS CLASES...  
MOITOS**



**PANTASMAS**



**ESQUELETES**

**GÓTICOS**



**BONECOS  
DIABÓLICOS**



**DEMOS**



**BRUXAS**



**VAMPIROS**



**ZOMBIS**



L  
E  
T  
R  
A  
S  
  
G  
A  
L  
E  
G  
A  
S

OS NEN@S RECIBIRON AOS AV@S TOCANDO FOLCLORE GALEGO.



CONTÁRONNOS AS SUAS EXPERIENCIAS E VIVENCIAS NA ESCOLA.

COMO ERAN OS PROFES, CANTOS LIBROS TINAN, SE OS CÁSTIGABAN MOITO....



# A VELLA ESCOLA

DEGUSTAMOS UNS DOCES GALAICO-PORTUGUESES NO PATIO



E DESPOIS... COMEZOU A FESTA CON BAILES E...



## O BALAO A MUIÑEIRA

O GRUPO DE PANDERETEIR@S, GAITEIR@S E TAMBORILEIR@S DO COLEXIO.



E COMO BROCHE FINAL UN AVÓ DELEITOUNOS CUNHA FERMOZA POESIA FEITA POR EL, ADICADA A TODOS OS AVOS E AVOAS.



# FOTOS E MATERIAIS ANTIGOS RELACIONADOS COA ESCOLA

EXPO  
SIC  
NON



GRACIAS A COLABORACIÓN DAS FAMILIAS PUIDEMOS FACER ESTA EXPOSICIÓN DE COUSIÑAS DAQUELA, PEQUENOS TESOUROS QUE COMPARTIRON CON NÓS. MOTAS GRACIAS.



## LIBROS AVENTUREIROS



DEIXAMOS LIBROS POR TUI, O QUE ATOPE ALGÚN, PODE LELO E LOGO DEIXALO NOUTRO LUGAR ONDE O POIDA ATOPAR OUTRO NEN@, E INVITÁMOLO A FACER UN TRABALLIÑO SOBRE O LIBRO, DE PLÁSTICA, AUDIOVISUAL, BIBLIOGRÁFICO... COMO QUEIRA, E EBREGALO NA BIBLIOTECA DE TUI OU NO NOSO COLE. FAREMOS UNHA EXPOSICIÓN CON TODOS ELES NO DÍA DAS LETRAS GALEGAS.







# Deporte

En deporte escolar xogamos con moitos colexios. Nas dinamizacións intercentros, xogamos os/as nenos/as do 2º e 3º ciclo.



O equipo Alevín de 6º C co Ceip Infante Felipe de Salvaterra



O Equipo Benxamín de 4º C co Ceip Infante Felipe de Salvaterra



O Equipo Alevín de 6º B co Ceip de Guillarei



O Equipo Benxamín de 4º B co Ceip de Guillarei

En horario lectivo tamén disfrutamos do Campionato de España Junior de Baloncesto cos equipos:



Co Juventud de Baladólona, o Real Madrid o equipo Leyma de Coruña e outros...



# Escolar



Fora do horario lectivo tamén fixemos moito deporte:

Xogamos a Bádmiton e Volei no Ceip de Randufe



Tamén xogamos a Tenis de Mesa en Sobrada

En campo a través fomos ao Campionato Provincial a Portas, participamos na Carreira de San Telmo e en moitas outras nas que se animaron os máis pequenos e algúns papás e mamás.



En Duatlón as nenas foron terceiras no Campionato Galego e os nenos foron terceiros no Campionato Provincial



En Biatlón o noso equipo foi Campión Provincial



Ceip Nº2  
Promoción 2005-2011



Bea



Rosa



Pili



María



Ángel



Rogelia



Mª Carmen



Borja



Tania



Gloria



Samuel



Raquel



Assia



Uxía



Jorge



Saladine



Oscar



María



David



Yael



Oscar



Samuel



Isaac



Borja



Marta



Iván



Selene



Cristian



Tamara



Sara



Manuel



Juan I.



María



Sergio



Yolanda



Jesús



Rabia



Alberto



Borja



E. Juliana



Mónica



Laura



Yasmína



Óscar



Vio



Flavio



Jose M.



Alba



Andrés



Xaime



Cristian



Santos



Martín



Marta



David



Lohanna



Stass



Antía



Pablo



Claudia



Antía



María



Javier



Emma



Carlos





Os nenos/as de 2º visitamos a Granxa Kiriko.



Os nenos e nenas de 3º fomos a Caixanova



Os nenos/as de 5º visitamos Ourense: As Termas, Catedral, Museo do Tren, a Ponte do Milenio...

# Saídas



E os nenos/as de 5º tamén visitamos na Granxa Kiriko e os Muíños do Tripos



Os nenos e nenas de Infantil xogamos en Indiana Bill. Pasámolo Chupii!



# Saídas

Os alumnos de 6º viaxamos a cidade de Pontevedra. Pasámolo moi ben!



Este ano algúns os nenos e nenas de 6º fixemos unha viaxe en barco polo río xa que gañamos o segundo premio de fotografía do concurso que organizou a Concellalía de Educación do Concello de Tui



E tamén visitamos a cidade de A Coruña



# INTERCAMBIO COLEXIO DE PRIMARIA DE VALENÇA-



Tamén visitamos aos nosos/as amigos/as do colexio de Valença. Os nenos/as de 4º fomos coñecer a súa escola.



Co lema a "Educación non é un Conto", traballamos a importancia da Educación para a muller en todo o mundo. Como ademáis tamén conmemoramos o 125 aniversario da Ponte Internacional ámbolos coles decidimos investigar sobre a "Muller Trapicheira".



Co profesor Afonso fixemos videoconferencia das mulleres ilustres.



Na biblioteca de Valença fixemos Biblio-paper e buscamos información nos libros e nos ordenadores. E tamén nos contaron un conto en galego e portugués.





# CEIP Nº2 DE TUI. A EDUCACIÓN NON É UN CONTO.

Con Blanca e a súa amiga de Valença representamos á Muller Trapicheira con:

## 1º Poemas e Solta de Pombas



2º Os nenos/as de 4º cantamos e bailamos a cantiga da Muller Trapicheira que escribimos nós.

Tamén estiveron os nosos amigos de "Educación sen Fronteiras" e a Directora Xeral para a Igualdade, que nós contou o importantes que forón as primeiras mulleres que estudaron na Universidade e que acadaron un posto de traballo en Galicia.



Pasámolo moi ben!  
o ano que ven esperámosvos en Tui.



# A PONTE INTERNACIONAL CUMPRE 125 ANOS

Fai 125 anos que a Ponte Internacional foi construída polo enxeñeiro Don Pelayo Mancebo de Ágreda co novo modelo de celosías ao estilo Eiffel, empregando 1.540 toneladas de ferro, 700Kg. de chumbo. A sillería veu dende Lanhelas e a mampostería das canteiras de Guillarei.


A obra adxudicouse á empresa francesa "Braine le Compte" por 205.766.00 reais, chegando ao fin cun custe de millón e medio das antigas pesetas.

A Ponte Internacional está situada polo lado español nas terras de "Poste Vermello" en Tui, e polo lado portugués en "Cais de Vapor" en Valença".

Inaugurouse o 25 de marzo de 1886, coa presenza das autoridades dos dous países e unhas 20.000 persoas na beira do río.

Un dato curioso da Ponte é que os catro pilares que a sosteñen contan con polvoríns que permiten unha eventual voadura da Ponte en caso de guerra.

A Ponte serve para que a xente pase de España a Portugal sen cruzar en barca, como se facía antigamente, e así, favorecer o comercio e as comunicacións entre ámbolos dous países.



No noso colexio tamén quixemos celebralo asistindo a unha visita guiada pola ponte e á exposición que se fixo sobre a mesma na Área Panorámica.

Logo, traballamos na aula para coñecer mellor a historia da nosa ponte, que co paso do tempo foise facendo pequena para a cantidade de tráfico e persoas que pasan por ela e fíxose necesario facer outra nova e máis ancha. Aínda así a vella ponte segue sendo para nós a máis querida.







# DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO INFANTIL

Con motivo do día Internacional do "Libro Infantil" o 2 de abril, conmemorando o nacemento de Hans Cristian Andersen, os alumnos de 6°C:

1º Traballamos sobre a súa vida e obra.



2º Confeccionamos un mural no pasillo do cole.



3º Contámoslles algúns dos seus contos aos nenos/as de Educación Infantil:

"El Soldadito de Plomo"

"El Patito Feo"



"Las Habichuelas Mágicas"

"La Sirenita"

HANS CRISTIAN ANDERSEN





# ARTES 2º CUARTO



# BAILE



# ACTIVIDADES



# EXPERIMENTOS





# RECICLAX



Este curso por primeira vez os terceiro e cuartos, os luns despois do recreo estivemos a traballar por talleres. ¡Foi unha experiencia moi positiva!



# ARTE



# BIBLIOTECA







# OS ALIMENTOS

Este curso nas aulas de 2º de Primaria estivemos traballando o tema da alimentación abordado de diferentes maneiras segundo a súa implicación na educación para a saúde, a educación para o consumo, a educación para a conservación do medio e a educación para a paz.



Pretendiamos que tódolos nenos e nenas comprendesen que a súa alimentación ten que ser suficiente e variada; que cambiasen, se fose necesario, algúns hábitos de consumo para ter unha alimentación máis sana; que fosen capaces de distinguir menús equilibrados dos que non o son; que identificasen produtos que se producen na nosa terra; que valorasen a importancia da reciclaxe dos distintos materiais utilizados no envasado dos alimentos; queoubesen analizar as etiquetas dos produtos alimenticios; e tamén que fosen concientes da existencia de nenos e nenas coma eles que viven en países nos que carecen de moitos alimentos básicos.

**Para desenvolver este proxecto realizaron numerosas actividades:**

-Contruiron a roda dos alimentos e ubicaron cada un no seu lugar correspondente, aprendendo a distinguir os enerxéticos, dos formadores e dos reguladores, coñecendo a repercusión de cada grupo no seu organismo.

-Anotaron durante unha semana enteira tódolos alimentos que tomaban ao longo do día. Logo analizaron se algún grupo non estaba suficientemente presente na súa dieta, por exemplo as froitas e verduras.



-Fixeron gráficas cos datos recollidos durante a semana e sacaron algunhas conclusións moi interesantes sobre os seus hábitos de consumo.

-Intentaron, poñendo en práctica esas conclusións, facer menús equilibrados onde estean presentes alimentos de tódolos grupos.

-Buscaron información sobre os animais e as plantas que nos proporcionan habitualmente alimentos, sobre os produtos naturais e os elaborados, sobre onde deben terminar os diferentes tipos de envase.

-Fixeron investigacións para descubrir que se produce en Galicia e o que é necesario traer doutros lugares.

-Compararon o que comen eles e elas nun día normal co que comen (ou non comen) nenos e nenas do terceiro mundo.

-Analizaron etiquetas fixándose, sobre todo, nos ingredientes, a data de caducidade e a procedencia de cada produto.

-Trouxeron á aula moitos envases valeiros e montaron unha tenda. Consultaron nos folletos dos supermercados, e tamén na casa, os prezos, e compraron ou venderon utilizando as moedas actuais.

-Etc, etc..





# COMO COMO ESTAS



OS MENOS E MENAS DE SEGUNDO CURSO FIXAMOS UN TRABAJO SOBRE A EXPRESIÓN DAS DISTINTAS EMOCIONS.



AGORA SABEMOS QUE OS XESTOS, SOBRE TODO OS DA CARA, EXPRESAN TODA CLASE DE SENTIMENTOS : OS PROPIOS E OS DOS DE MAIS.

TAMÉN SABEMOS QUE É IMPORTANTE EXPRESAR DE FORMA AXETADA O QUE SENTIMOS.

É QUE TEMOS QUE ESTAR ATENTOS E ATENTAS AOS XESTOS DOS DE MAIS PARA COMPRENDELOS

E RESPECTALOS.



FELIZ

ASUSTADA

NERVIOSO

TRISTE

SORPRENDIDO

ABURRIDA

ENFADADO

ENTUSIASMADA

EMOCIONADO

CONTENTA

FRANQUEIRO

FURIOSA







# OS DINOSAURIOS



DESPOIS DAS VACACIÓNS XURDIU UN TEMA DE INTERESE NOS NENOS DE EDUCACIÓN INFANTIL: OS ANIMAIS. SEN QUERER AO FALAR DELES, FORON CAPACES DE IR CARA AO PASADO MENCIONANDO A UNS ANIMAIS ATRACTIVOS PARA ELES: OS DINOSAURIOS. POLO QUE ESTABAMOS INTERESADOS EN PROFUNDIZAR TODO SOBRE O MUNDO DOS DINOSAURIOS.



NO FESTIVAL DE NADAL FOMOS DE DINOS E CANTAMOS UNHA PANXOLIÑA.

FIXEMOS FICHAS DE TRABALO E DEBUXOS PARA COÑECER AS CARACTERÍSTICAS FÍSICAS DE CADA TIPO DE DINOSAURIO. LOGO, CHEGAMOS A CONFECCIONALOS CON MATERIAL PARA RECICLAR POR EQUIPOS E GRAZAS A NOSA CREATIVIDADE.



QUEDOUNOS MOI CHULOS!!!!!!!!!!!!





**ELABORAMOS UNS MARCAPÁXINAS,  
A PARTIR DAS  
CABEZAS DE  
VARIOS TIPOS  
DE DINOS.**



**VISIONAMOS UNHA PELI  
E UNHA SERIE DE  
DEBUXOS ANIMADOS  
DE DINOS.  
FORON:**



**HARRY Y SU  
DINOSAURIOS**

**PARA FACERLOS  
TIVEMOS QUE  
COLOREALOS, CURTALOS E  
PEGALOS EN CARTOLINAS  
RECTANGULARES ONDE  
DEBUXAMOS O GRAN CORPO  
E AS PATAS DESTES  
ATRATIVOS DINOSAURIOS.**

**DECORAMOS AS  
AULAS E OS  
CORREDOIROS  
CON MURALS E  
DEBUXOS.**



**ELABORAMOS, A  
PARTIR DUNHA  
SECUENCIA DE  
IMAXES, UN CONTO  
EN FORMATO  
DIXITAL NO QUE  
APARECEN DINOS  
PARA A SÚA  
EXPOSICIÓN NO  
DÍA DO LIBRO**


**E INTERCAMBIAR COS DO CEIP  
OTERO PEDRAYO DE VIGO.**

**ADEMAIS, REFELECTIMOS A PRESENTACIÓN,  
O NUDO E O DESENLACE DO CONTO EN  
MURALS DE CARTÓN.**









# TODO UN AÑO DE POESÍAS



OS NENOS E NENAS DE 1ºB ESTAMOS FEITOS UNS POETAS! MIRADE ALGÚNS DOS NÓSOS TRABALLOS... NON QUEDEDES COA BOCA ABERTA !



NORABOA A TODOS!!!



# Proposta de Actividades para o verán

Proposta de Actividades de Lectura:-

Para Infantil

Para 1º Ciclo



Para 2º Ciclo

Para 3º Ciclo



Proposta de Actividades de Informática:-

<http://centros.edu.xunta.es/ceipnumero2tui>

[www.agrudebam.es](http://www.agrudebam.es)

Ed. Infantil

[www.edu.xunta.es/contidos](http://www.edu.xunta.es/contidos)

[www.waece.org](http://www.waece.org)

[www.cucurruccu.com](http://www.cucurruccu.com)

[www.primeraescuela.com](http://www.primeraescuela.com)

[www.reyesypiratas.com](http://www.reyesypiratas.com)

Ed. Primaria

[www.edu.xunta.es/contidos](http://www.edu.xunta.es/contidos)

[www.interpeques.com](http://www.interpeques.com)

[www.elabueloeduca.com](http://www.elabueloeduca.com)

[www.educalandia.net](http://www.educalandia.net)

[www.educalia.educared.net](http://www.educalia.educared.net)

[www.experimentar.gov.ar](http://www.experimentar.gov.ar)

[www.piensoyjuego.es](http://www.piensoyjuego.es)

[www.chicos.net](http://www.chicos.net)

[www.curiosikid.com](http://www.curiosikid.com)

Proposta de Actividades Deportivas:-

Actividades deportivas do Concello contactar co Tlfno:986603627 ( Ext Serv Sociais)



Actividades deportivas da Casa da Xuventude Tlfno: 986600568







# Informacións

## ● Como contactar co noso colexio .-

Se queres contactar con noso colexio pódelo facer de varias maneiras.

Por correo.- Avenida da Concordia s/n 36700 Tui

Por teléfono ou fax.- 986 60 09 23

Por email .- [ceip.numero2.tui@edu.xunta.es](mailto:ceip.numero2.tui@edu.xunta.es)

Na páxina web .- <http://centros.edu.xunta.es/ceipnumero2tui>

## ● Horarios de clases.- horario de xornada única de mañá de 9:15 a 14:15 horas repartidas da seguinte maneira:

1ª Hora .-de 9:15 a 10:10 horas

2ª Hora.- de 10:10 a 11:05 horas

3ª Hora.- de 11:05 a 12:00 horas

Tempo de lecer de 12:00 a 12.25 horas

4ª Hora.- de 12:25 a 13:20 horas

5ª Hora de 13:20 a 14:15 horas



## ● Horario de Secretaría.- todos os días de 9:15 a 14:15 horas

● Departamento de Orientación. Dña Leticia Blanco Orientación e asesoramento educativo. Horario de atención a pais e nais: os martes de 16:00h a 17:00h. Previa citación.

● Horario de atención aos pais/nais: os martes de 16:00 a 17:00 horas previa petición de cita a cada titor/a ou profesor/a



● Horario da biblioteca escolar.- todos os días en horario de tarde de 16:00 a 18:00 horas para consultar ou traballar. O horario de préstamos está establecido no horario de pola mañá para cada aula.



# varias



- **Horario de actividades extraescolares.**- todos os días de 16:00 a 18:00 horas seguindo un calendario establecido ao comezo do curso no que cada familia anota aos seus fillos/as na actividade e horario que lle conveña.
- **Horario de comedor.**- todos os días de 14:15 a 16:00 horas. Para anotarse ao comedor terán que notificalo o día anterior ás encargadas.
- **Horario da aula matinal.**- todos os días de 8:00 ata as 9:15h
- **Transporte escolar.**- Para todos e todas aqueles que viven un pouco lonxe, fora do casco urbán, poden acollerse ao servizo de transporte escolar de maneira gratuita. En cada autobús haberá un acompañante que axudará aos rapaces ata chegar ao recinto escolar. A empresa que ten a concesión é a de MONBUS. A hora de recollida polas paradas é en torno ás 8:45h para estar no Centro antes das 9:15 horas; e a de volta a casa será a partires das 14:15h unha vez rematado o horario lectivo.



RUTA  
AREAS

PARADA

Regueiro - Anta de Arriba - Anta de Abaixo  
- Gaios - San Martiño

BORNETAS Rotonda - Escola - Rafi - Parador

REBORDÁNS Virxe do Camiño - Magnolia

PEXEGUEIRO Igrexa - A Pereira - Fonteseca - Regueira -  
Souto - Saides - Salgueiriño - Cruce Sobrada - Viveiro



- **Comezo de Curso 11-12.**- As clases darán comezo o 12 de Setembro de 2011 ás 9:15h.



# O Recuncho

O máis destacado deste curso, sen dúbida algunha, é ver feita realidade as loitas de moitos anos e de moitas persoas que están ou estiveron nesta comunidade escolar. Queda claro que "a unión fai a forza", a pesares de que o resultado non cumpre coas necesidades de seguridade do Centro. Queda moito que facer, aínda así este foi un curso tranquilo, algo que se agradece para os que estamos o pé do cañón todos os días...

Adicamos a maior parte do tempo ao calendario de actividades extraescolares, cada vez máis amplo, ofrecendo novas opcións ás familias.

Na celebración do día da paz levouse a cabo unha actuación de maxia no centro para TODOS OS NENOS/AS e unha solta de globos brancos e unha pomba branca na Glorieta de Vigo, onde se colaborou cos profes e os nenos nunca aperta xigante. Ese mesmo día entregáronse os premios do concurso de debuxo.





# da A.N.P.G

Por distintos motivos, o patio do cole está a quedar sen árbores. Comezamos un proxecto de repoboación. Este ano foron nove. Os nen@s participaron con moito gusto, sobre todo os máis pequenos. Seguiremos...



Tivemos máis tempo para organizar varias excursións: Manzaneda, Bracalandia, Tamuxe...



Sempre se pode facer máis e mellor; animámosvos a todos a unirse a nós, en beneficio de todos.

Facémoslle unha agarimosa despedida ó noso director Xesús que se xubila...

Bó verán a tod@s!!!





Este ano a nosa despedida agarimosa para  
Jesús, o Director que se xubila.



Botarémoste de menos!





